


ROTEIRO POLO CAMIÑO DE SANTIAGO

A Plataforma pola Defensa do Río Baa e a súa Contorna, constituída polas entidades *Plataforma de Afectados polo Polígono Industrial de Vilar do Colo, Plataforma de Defensa dos Camiños, ADEGA, Verdegaiá e SGHN*, convocan a un **roteiro polo Camiño Inglés** ao seu paso polos Concellos de Fene e de Cabanas, co fin de dar a coñecer os seus valores culturais e naturais, valores que se atopan gravemente ameazados na actualidade, correndo grave risco de perderse de levarse adiante o Proxecto de Ampliación do Polígono de Vilar do Colo.

As actuais obras de acondicionamento do bloque “Q” e bloque comercial na zona de Laraxe están xa a incidir negativamente na zona, perdendo accesos ao parque industrial e camiños de gran valor como é o Camiño Inglés, utilizado tanto por pelegríns como pola veciñanza como senda natural.

A Plataforma reclama o respecto por este patrimonio e a restauración das zonas circundantes, afectadas xa gravemente por novos desmontes realizados para dispor novas instalacións industriais, en base a un proxecto sobredimensionado de ampliación do Polígono.

Por outra banda os veciños de Laraxe e Cabanas denuncian que a perda do tramo do Camiño Inglés de Vilar do Colo non ten reposición, xa que a nova traza vai por vías xa existentes. Perdemos así o noso patrimonio en espazos públicos históricos naturais, como veu xa sucedendo coas pasadas actuacións do polígono, nas que se perderon redes viarias históricas existentes entre as poboacións limítrofes.



A [nova traza](#) do Camiño Inglés publicada no [DOG 18 Octubre](#) cambia o camiño e o seu entorno natural, pasando por zonas urbanas e cruzando a estrada N-651 tres veces; dúas delas sen pasos de peóns nin beirarúas. Esta variación do Camiño implica a perda do seu vínculo co Río Baa e con outros elementos etnográficos que hai na súa contorna: o [Marco de San Lourenzo](#), o [Castro de Prismos](#) e un campo de mámoas. Perde tamén o seu contacto co núcleo dos Chaos na parroquia Laraxe e coa parroquia de San Martiño do Porto (cunha [igreja datada do século XVII](#)). No novo trazado desaparecen todos estes elementos fundamentais do entorno dos concellos de Fene e Cabanas.

O ROTEIRO PARTIRÁ O DOMINGO DÍA 18, ÁS 10.00H, DA ESTACIÓN DE SERVIZO DO POLÍGONO, REMATANDO O ROTEIRO NO MESMO LUGAR SOBRE AS 14 HORAS